



VOCABULARIO DE COVAS E ESTRANXEIRISMOS


1 Completa o cartel coas palabras propostas.

esvarar • húmido • berrar • estalactitas • teito • lanterna

VISITA Á COVA NEGRA (recomendacións)

- Ten coidado de non tropezar coas _____ que colgan do _____ e non as danes.
- Leva un calzado adecuado para non _____. O ambiente é _____, xa que o teito e as paredes gotean.
- Procura non _____. Molestarias os morcegos que aínda están hibernando.
- Leva unha _____ adecuada. Hai pouca luz.

Que goces coa visita!



Substitúe as palabras destacadas por un dos adxectivos do recadro.

- Á cova chégase por un terreo **con moitas rochas**.

estreito

escuro

rochoso

- O primeiro tramo da gruta é **de pouca amplitude**.

- Ao entrar na caverna todo queda **sen claridade**.

Relaciona. Con que expresión galega se corresponde cada estranxeirismo destacado?

- | | |
|---|----------------------------|
| Este ordenador ten un software antigo. • | • a afección |
| O sendeirismo é o hobby principal de Raquel. • | • un libro electrónico |
| Mercou un e-book novo con moita capacidade. • | • unha hamburguesaría |
| Despois do cine, foron cear a un burger . • | • un conxunto de programas |